

## **NORMATIVA DE UTILIZACIÓN DO CENTRO DE CÁLCULO DO CITI**

Esta normativa, pendente da aprobación pola Comisión Xestora do CITI, recolle os dereitos e os deberes dos usuarios que fagan uso do centro de cálculo do CITI, así como os procedementos a seguir.

**Artigo 1.** Para a utilización do Centro de cálculo, en diante CC, o solicitante deberá cubrir o impreso que a tal efecto atopará na web do CITI. No impreso figura, de xeito expreso, que o solicitante coñece esta normativa e se compromete a cumprila.

**Artigo 2.** Poderá solicitar acceso ao CC de xeito ordinario calquera investigador da Universidade de Vigo ou entidades externas. Así mesmo, terán acceso preferente os solicitantes da Universidade de Vigo.

**Artigo 3.** Os usuarios rexistrados poderán solicitar a asignación de recursos hardware, a instalación de novas librerías ou programas ou mesmo a reconfiguración de algún dos equipos cubrindo o impreso correspondente que tamén se atopará na web do CITI. Ditas solicitudes serán analizadas polo responsable informático do CITI, quen as atenderá de xeito priorizado se é posible ou ben lles informará do motivo da súa denegación. En ditas solicitudes indicarán tamén para que tarefa de investigación van a ser empregados.

**Artigo 4.** Os usuarios comprométese a empregar os recursos asignados unicamente para as tarefas de investigación indicadas na solicitude. Calquera outro uso atípico deberá ser notificado.

**Artigo 5.** As contas de usuario, as cales permiten o acceso os recursos do CC, son de carácter único e intransferible. Os usuarios comprométese a custodiar debidamente os contrasinais de acceso e a non compartilos con terceiras persoas.

**Artigo 6.** Os usuarios serán responsables de manter copias de seguridade dos datos almacenados no CC. Aínda que as políticas de limpeza periódica de datos serán públicas en ningún caso o CITI se fará responsable de posibles perdas de datos.

**Artigo 7.** O acceso o CC poderase restrinxir de forma temporal cando sexa preciso realizar tarefas de mantemento ou reparacións. As intervencións notificaranse cun mínimo de 72 horas de antelación sempre que sexa posible.

**Artigo 8.** A dirección do CITI reservase o dereito da revocación da conta de usuario, que permite o acceso o CC, no caso de facer un uso indebido da mesma ou dos recursos asignados.

**Artigo 9.** O usuarios terán a obriga de entregar un informe sobre os traballos realizados no Centro de Cálculo. Este informe utilizarase unicamente con fins estadísticos. Enténdese que este informe non deberá comprometer a privacidade e viabilidade do proxecto levado a cabo.